

Indicadores demográficos. Ano 2003

COMUNICADO

Máis de 300 maiores de 65 anos por cada 100 mozos en moitos concellos do interior

Continúa o proceso de envellecemento poboacional

Os resultados dos indicadores demográficos recentemente publicados polo IGE rebelan que Galicia segue enmarcada nun progresivo proceso de envellecemento poboacional.

O índice de envellecemento mide a relación existente entre a poboación maior de 65 anos e a poboación de menos de 20. No ano 2003 obtense un valor de 125,6, o que indica que por cada 100 mozos de menos de 20 anos hai 126 persoas que superan a idade de xubilación. Cinco anos atrás este indicador se situaba no 102. Aínda que no conxunto do Estado este indicador tamén segue unha liña crecente, o nivel é considerablemente inferior ao galego, cun valor de 85,7 no ano 2003.

Este fenómeno é moito máis evidente nas provincias de Ourense e Lugo con valores superiores a 187. A Coruña sitúase en torno á media galega (120), mentres que Pontevedra segue a ser a provincia máis nova cun índice de 95.

Se os indicadores da estrutura poboacional nas provincias interiores evidencian un alto grao de envellecemento, é ao descender aos ámbitos comarcal e municipal cando se observan os valores máis preocupantes. Se se exceptúan as comarcas das respectivas capitais provinciais, as da Mariña Central e Occidental, e a de Valdeorras, en tódalas comarcas de Lugo e Ourense a proporción de persoas de máis de 65 anos supera ó 30%, atopándose certo número de concellos nos que esta porcentaxe pasa do 45%. Os valores máis elevados están en A Teixeira (52,3), San Xoán de Río (51,2), A Veiga (48,1) e O Bolo (48,0). En 26 concellos de Lugo e 61 de Ourense o índice de envellecemento é superior a 300 (máis de 300 maiores por cada 100 mozos). Nestas dúas provincias soamente Burela, Barbadás e O Barco de Valdeorras, presentan un índice de envellecemento menor que 100.

Os concellos coa poboación máis nova son os situados nas áreas de influencia das cidades de A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo, onde a porcentaxe de poboación maior acada valores entre o 11 e o 16% e o índice de envellecemento é inferior a 85.

Leve recuperación da fecundidade

A recuperación dos nacementos en Galicia estase a producir dun xeito moito máis moderado que no conxunto de España. Por esta razón, a pesar de observarse leves incrementos en todos os indicadores, Galicia continúa a ser, xunto con Asturias, a comunidade con niveis máis baixos de natalidade e fecundidade.

Así, a taxa bruta de natalidade mantén unha diferenza de máis de 3 puntos con respecto a media española (7,2 nacementos por cada 1.000 habitantes en Galicia fronte a 10,5 en España). Da mesma forma, o índice sintético de fecundidade, que mide o número medio de fillos por muller en idade fértil, aínda que presenta unha evolución positiva dende 1998, permanece en valores notablemente inferiores aos da maioría das comunidades autónomas. No ano 2003, en Galicia obtense unha media de 0,95 fillos por muller mentres que en España é de 1,31.

A nivel provincial, Pontevedra destaca por ser a provincia con valores máis positivos, seguida da Coruña con taxas similares á media galega. Lugo e Ourense, cunha taxa de natalidade en torno ao 5,5 por 1.000 e un índice sintético de fecundidade de 0,85, sitúanse no nivel máis baixo do Estado.

Os concellos limítrofes coas cidades de A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo son os que presentan as taxas máis altas, mentres que Avión, A Mezquita, Beariz, Muíños, Moeche y Folgoso do Courel son os que quedarían nas últimas posicións.

A idade media na que as mulleres teñen fillos mantén o continuo incremento que se ven observando dende os anos 80, estando na actualidade xa preto dos 31 anos. En relación coa poboación feminina de cada grupo de idade, o maior número de nacementos prodúcese entre os 30 e os 34 anos. Ademais, diminúen os nacementos en todos os grupos anteriores aos 30 anos, mentres que aumentan a partir desta idade.

Altos niveis de mortalidade

A taxa de mortalidade sitúase en 10,6 defuncións por cada 1.000 habitantes. Con este valor, Galicia sitúase, xunto con Asturias e Aragón, entre as comunidades coa taxa máis alta do Estado.

Loxicamente, o maior nivel de envellecemento dá lugar a taxas máis elevadas nas provincias de Ourense e Lugo. A Coruña e Pontevedra mantéñense en niveis de mortalidade por baixo dos valores medios galegos.

Os datos máis positivos (por baixo de 7,5) obsérvanse nos concellos dos contornos das cidades da Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo, por ser os que contan cunha poboación máis nova. Noutro extremo, nalgúns concellos do interior de Lugo e Ourense esta taxa sitúase por riba de 20.

Estabilidade no número de matrimonios

A nupcialidade mantense en valores moi estables no último quinquenio. As taxas de nupcialidade máis altas, igual que ocorre coa fecundidade, obsérvanse nas provincias de Pontevedra e A Coruña.

Os concellos con poboación máis nova son os que presentan os valores mais positivos. Así, a taxa de nupcialidade máis alta corresponde a Ames e Pontecesures. En concellos como Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín e Triacastela non houbo ningún matrimonio nos últimos 3 anos.

Por outra banda, continúa incrementándose a idade á que se contrae o primeiro matrimonio, situándose na actualidade en 30,6 para os homes e 28,5 para as mulleres, en ambos os casos, un ano por riba dos valores observados en 1999.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es